

VIEIROS

Barcelona

Edición xestionada por [Xabier Paradelo](#)

BARCELONA POESIA. SET DIES DE POESIA A LA CIUTAT

Ana Romaní falará sobre creación e xénero no Institut d'Humanitats e na UB

Dentro das actividades da Semana de Poesía, o día 9 de maio no Institut d'Humanitats terá lugar unha mesa de poesía, *Potser tenen un sexe les secretes lleis del ritme*, coa intervención das poetas Ana Romaní, Neus Aguado, Josefa Contijoch e Júlia Zavala. Ese mesmo día, pola mañá, a poeta galega intervén na Universitat de Barcelona con *Estalactitas. Das escritas e outras voces*.

- 13:50 28/04/2005

Ana Romaní (Noia, 1962), escritora e directora do "Diario Cultural" na Radio Galega, colabora activamente en diversas iniciativas a prol das mulleres. Como poeta publicou, entre outros, *Das últimas mareas* (1994) e *Arden* (1998). Participou en diversos proxectos plásticos e musicais como *O son delas* ou *Lob*s*.

Ana Romaní

Estalactitas. Das escritas e outras voces

Luns 9 de maio de 2005 ás 11.30 h.

Edifici Josep Carner, Aula 3.3

c/ Aribau 2 -08007 Barcelona

Táboa poética Potser tenen un sexe les secretes lleis del ritme

Luns 9 de maio de 2005 ás 19.30 h.

Dentro do programa de *Barcelona Poesia. Set dies de poesia a la ciutat*

Sala Mirador do Institut d'Humanitats, [CCCB](#)

c/ Montealegre 5 -08001 Barcelona

Organizan

[Filologies Gallega i Portuguesa](#) [Centre Dona i Literatura](#)